

# Monarquía de Amadeo I e I República

## 3.- A monarquía de Amadeu de Savoia (1871-1873)

- 3.1.- Unha nova monarquía
- 3.2.- Unha institucionalización fráxil e inestable
- 3.3.- Os movementos contra a monarquía


# 3.1.- Unha nova monarquía (1)

- Debido a que a Constitución de 1869 definía o Estado español como unha **monarquía parlamentaria**
  - Iniciouse un proceso de busca dun novo rei que substituíse os Borbón
  - A situación non era descoñecida en Europa onde unha parte dos soberanos non eran orixinarios do propio país
  - O xeneral Prim foi o encargado de xestionar a elección
- Finalmente recaeu en **Amadeu de Savoia**
  - Un home cunha concepción democrática da monarquía
  - Pertencía á prestixiosa dinastía que culminara a unificación de Italia
- O novo monarca, de 26 anos, foi proposto ás Cortes en novembro de 1870
  - Obtivo 191 votos dos 311 deputados presentes, basicamente de progresistas e unionistas
  - Constituía unha maioría moi afastada dun consenso xeneralizado
  - Reflectía un apoio reducido
- Amadeu I chegou a España o 30 de decembro, tres días despois do **asasinato do seu principal valedor, o xeneral Prim**
  - Isto acentuou a inquietude sobre o seu mandato
  - Provocoulle un sentimento de soidade
  - O 2 de xaneiro de 1871 foi proclamado rei



MADRID.—ATENTADO CONTRA LA VIDA DEL GENERAL PRIM, EN LA CALLE DEL TURCO, LA NOCHE DEL 27 DE DICIEMBRE.

▼  
Gravado que amosa o atentado contra o xeneral Prim na rúa do Turco de Madrid, o 27 de decembro de 1870.



▼  
**DOC.1** A. GISBERT: *Amadeo I frente ao cadáver do xeneral Prim*, 1870.

1. Describe a escena e explica o porqué do abatemento que amosa o novo rei.




Ía só, adiante, a gran distancia da escolta militar. Vestía de capitán xeneral español, co sombreiro apuntado, como o dos mariscais de Francia. Nin vivas nin aplausos, só algún saúdo respectuoso ao pasar.

Saudaba coa rixidez característica dun soldado: un saúdo ao Amadeo, que axiña remedarían os madrileños. Había pouca xente nas rúas. O asasinato do xeneral Prim facía temer un atentado. Temer non é desexar, pero moitos desexábano. Por iso o rei adiantaba o seu cabalo canto podía.

*Memorias de Jacinto Benavente, 1958*  
(tradución e adaptación).

2. Explica a situación que reflicte o texto, as razóns do escaso apoio a Amadeo de Savoia e como debía influír no monarca.





Amadeu I xura a Constitución en xaneiro de 1871

## 3.1.- Unha nova monarquía (2)

- Dende o principio do seu reinado puxéronse de manifesto as **dificultades da nova monarquía**
- Por unha banda, **non conseguiu a aceptación das clases populares**
  - Vían reiteradamente frustradas as súas aspiracións
  - Eran máis sensibles ás propostas republicanas e obreiristas
- Por outra, **a aristocracia isabelina non aceptou o novo rei**
  - Fíxolle o baleiro
  - Apostou pola restauración dos Borbón
- Ademais, **unha parte do exército** non lle expresou a súa fidelidade ao novo monarca
- Tamén **a Igrexa**, que xa se resistira a xurar a Constitución de 1869,
  - Expresou a súa hostilidade a un Savoia
  - Dinastía que acabara cos Estados Pontificios
  - E recluíra o Papa no Vaticano
- Finalmente, **os carlistas**
  - Considerárono ilexítimo
  - Pasaron da oposición política á loita armada en 1872



## 3.2.- Unha institucionalización fráxil e inestable (1)

- Serrano presidiu o primeiro goberno da monarquía
  - No que participaron os tres partidos da coalición: unionistas, progresistas e demócratas
  - Foi o único destas características xa que nos meses seguintes se fragmentou en dous bloques a partir da **división dos progresistas**
- O novo **Partido Constitucional**, dirixido por **Sagasta**
  - Agrupou os progresistas máis conservadores e membros da Unión Liberal
  - Consideraban que a revolución fora demasiado lonxe
  - Entendían que a monarquía necesitaba incorporar os sectores moderados
- O **Partido Radical**, de **Ruíz Zorrilla**
  - Agrupaba os progresistas de esquerda e os demócratas
  - Buscaba un desenvolvemento máis democrático coa colaboración dos republicanos
- Lonxe do entendemento, a loita entre radicais e constitucionais provocou unha **grande inestabilidade**
  - En dous anos formáronse 6 gobernos: o do xeneral Serrano en 1872 non chegou durar 20 días
  - Convocáronse 3 eleccións
- Amosaba a **feble democratización do sistema**
  - Os personalismos
  - A fraude: gañaba as eleccións o goberno que as convocaba
  - A abstención electoral: en 1872 chegou superar o 50 %



35 número de diputados

Total de diputados = 391

## MONÁRQUICOS

Carlistas

Moderados  
(Afonsinos)

Progresistas

Demócratas

- Partido Constitucional
- Partido Radical

## REPUBLICANOS

Unitarios

Federais

- Benévolos
- Intransixentes



## 3.2.- Unha institucionalización fráxil e inestable (2)

- Finalmente, **a coalición governamental de radicais, constitucionais e demócratas desintegrouse**
  - Foi incapaz de desenvolver un proxecto compartido
- **A crise política debilitou a monarquía**
  - Xa que lles limitou os seus apoios aos radicais, que gobernaban dende mediados de 1872
  - Aumentou as dificultades para
    - Lles dar resposta eficaz aos problemas do país
    - Atender uns radicalizados movementos de oposición

# AS ELECCIONES DE ABRIL E AGOSTO DE 1872

Abril



Agosto

Partido Radical e Coalición  
Constitucional-Conservadora 274

Independentes Constitucionais  
e Conservadores 14


Partido  
Republicano  
Federal 78

outros 16

Afonsinos  
independentes 9

78 número de deputados

Total de deputados = 391





# 3.3.- Os movementos contra a monarquía

## (1)

- Aínda que a nova monarquía contaba con escasos apoios sociais e políticos
  - O problema máis importante foi que tivo que afrontar os fortes movementos de oposición
  - Algúns deles armados
- **Os conservadores deixaron de participar nas eleccións de 1872**
  - Baixo a dirección de Antonio Cánovas del Castillo organizaron a restauración dos Borbón na persoa de Afonso XII
  - Contaron co apoio da Igrexa e das elites burguesas: industriais, financeiros, o mundo dos negocios...
  - Opúñanse a propostas como a abolición da escravitude ou o librecambismo
  - Estaban cada vez máis alarmadas pola auxe do obreirismo e do republicanismo, ao abeiro do sistema democrático
- **Os carlistas abandonaron o sistema**
  - Dende abril de 1872 iniciaron unha nova guerra en defensa do trono do pretendente Carlos VII, da tradición, os foros e o catolicismo
  - Iniciouse con partidas no País Vasco, Navarra, Aragón e Cataluña
  - Colleu forza a mediados de 1873
    - Chegando formar un Estado con Estella como capital
    - Agrupar un exército de entre vinte e corenta mil homes
  - A guerra prolongouse ata 1876



▼  
**DOC.4** Sátira contra os carlistas, publicada en *La Flaca*, 1870.

3. Analiza a visión do carlismo que amosa a caricatura. Como presenta os seus seguidores? Cales son os seus principais apoios?

# 3.3.- Os movementos contra a monarquía

## (2)

- En Cuba, a insurrección iniciada en 1868 co “berro de Yara” ampliouse ata converterse nunha guerra colonial: a **Guerra dos Dez Anos**
  - O conflito foi dirixido por un sector de propietarios crioulos, brancos nados na illa
  - Aspiraban a reformas política e económicas na illa
  - Contaba co apoio popular ao propoñer a fin da escravitude
- O goberno intentou introducir algunhas reformas
  - Pero topouse cunha forte oposición dos españois con intereses en Cuba: propietarios azucreiros, alta burguesía da Habana...
  - Esixían unha acción militar forte e decidida contra os insurrectos
- Finalmente houbo **revoltas e protestas dos sectores populares**: campesiños, obreiros...
  - Estaban descontentos cunhas reformas que consideraban insuficientes
  - Isto favoreceu
    - O aumento da influencia do internacionalismo en España: anarquistas e socialistas
    - A radicalización dos conflitos
- Tamén **os republicanos**, opostos á monarquía, **impulsaron novas insurreccións** en 1872 reivindicando a República Federal
- **O 10 de febreiro de 1873 Amadeu de Savoia renunciou ao trono**
  - Tras rexeitar os militares que o incitaban a desobedecer o goberno
  - Ante a desintegración da coalición governamental
  - O estalido de dúas guerras
  - O seu desacordo con algunhas resolucións do executivo




Dous longos anos hai que cingo a Coroa e España vive en constante loita, vendo cada día máis afastada a era de paz e de ventura que tan ardentemente anhelou. Se fosen estranxeiros os inimigos da súa dita, entón, á fronte destes soldados, (...) sería o primeiro en combatelos; mais todos os que coa espada, coa pluma, coa palabra agravan e perpetúan os males da Nación son españois, todos invocan o doce nome da Patria, todos pelexan e se axitan polo seu ben; e entre o fragor do combate, entre o atronador e contraditorio clamor dos partidos, (...) é imposible (...) atopar o remedio para tamaños males.

O que busquei avidamente dentro da lei e non o atopei. Fóra da lei non ha de buscalo quen prometeu observala...

*Despedida de Amadeo I, 11 de febreiro de 1873*  
(tradución e adaptación).





"Yo en su lugar diria Señores...  
**!AHI QUEDA ES!**" (Carrillo, Sarcasmo del 8.)

Caricatura de como Amadeu de Savoia abandonaba España no ano 1873.

# 4.- Por que unhas Cortes monárquicas proclamaron a República? (1)

- A renuncia ao trono de Amadeu de Savoia produciu unha situación nova, de emerxencia
  - Ante a que se optou por reunir o congreso e o senado en Asemblea Nacional
  - Para atopar unha solución que evitase un baleiro de poder
- Ante unhas cámaras de maioría monárquica **Pi y Margall** tomou a iniciativa
  - **Propuxo a proclamación da República**
  - Os monárquicos, sen alternativa política, aceptaron a proposta
  - Foi aprobada por 258 votos contra 32
- **Os monárquicos vían a nova República como unha saída de emerxencia**
  - Que había de ser unha continuación do réxime monárquico, pero sen rei
- **Para os republicanos, maioritariamente federais, a república supuña**
  - **A ruptura co réxime anterior**
  - A posibilidade de proceder a unha fonda transformación do Estado
- Mais a forma como chegara, dende arriba, por medio dun acordo cos monárquicos
  - E non a través dun movemento popular dende abaixo
  - Non favorecía esta deriva rupturista
- A República inaugurouse cun **gobierno composto por ministros republicanos e radicais**
  - Presidido por **Estanislao Figueras**
- Decidiuse manter a vixencia da Constitución de 1869, sen os artigos monárquicos, ata que unhas novas cortes constituíntes
  - Organizasen a nova forma de Estado
  - O definisen como federal ou unitario



# 4.- Por que unhas Cortes monárquicas proclamaron a República? (2)

- As tensións foron inmediatas
  - Ata o punto que o goberno rompeu
  - Figueras procedeu a formar un novo, netamente republicano
- O seu proxecto era
  - Institucionalizar a República a través da acción governativa baseada na legalidade
  - A convocatoria de eleccións
- Tal perspectiva afondou a **división dos federais**
  - Mentres os **benévolo**s eran partidarios da acción governativa
  - Os **intransixentes** pretendían a proclamación inmediata da república federal, dende abaixo
- Doutra banda, os **escasos republicanos unitarios**
  - Defendían a unidade do Estado
  - Aliñábanse con posicións máis conservadoras
- A República tivo un **forte impacto nos sectores populares**
  - Asociábana a un novo réxime que había de satisfacer as súas aspiracións de xeito inmediato
  - Producíronse manifestacións
  - Ocupáronse concellos
  - Constituíronse xuntas revolucionarias en substitución da antiga administración
  - Nalgúns zonas proclamouse a república federal
  - Nas cidades intensificáronse as reivindicacións obreiras e as accións revolucionarias dos internacionalistas
  - En Andalucía producíronse movementos de repartición de terras

## DOC.1 ALEGORÍA DA PRIMEIRA REPÚBLICA



Describe a alegoría da República

Analiza que representan os distintos motivos da imaxe

Que ideais representa a República?

Señores: con Fernando VII morreu a monarquía tradicional; coa fuga de Isabel II, a monarquía parlamentaria, e coa renuncia de Amadeo, ninguén acabou con ela. Morreu por si mesma. Ninguén trae a República. Tráena as circunstancias; tráea a conspiración da sociedade, da natureza, da historia.

Señores: saudémola, como o sol que se levanta pola súa propia forza no ceo da nosa patria.

*Discurso de Castelar no Congreso, 11 de febreiro de 1873 (tradución e adaptación).*

**Analiza a interpretación de Castelar  
Que consecuencias podes tirar dela?**



A forza da razón, a República somete ás monarquías, gravado da época.



Como representa a imaxe a vinda da República?



A república veu por onde menos esperabamos (...) Que república era a proclamada? Nin a federal nin a unitaria. Había un acordo mediado entre os antigos e os modernos republicanos e conviñeran en lles deixar a unhas Cortes constituíntes a definición e mais a organización da nova forma de Goberno.

A federación de abaixo arriba era desde aquela imposible: non cabía senón a que determinasen, en caso de adoptala, as futuras Cortes (...). Como quer que for, a transacción estaba feita e non había de faltar a unha palabra solemnemente empeñada.

Unhas Cortes constituíntes eran as chamadas a decidir en primeiro termo se a república había de ser federal ou unitaria e logo cal había de ser o seu organismo.

Individuo dun goberno que había de rexer os destinos do país durante o intervalo dunha asemblea a outra asemblea, non podía adiantarme nin permitir que ninguén se adiantase á obra das Cortes.

F. PI Y MARGALL: *El reinado de Amadeo de Saboya y la República*, 1874 (tradución e adaptación).

**Que distintas opcións había dentro do republicanismo?**

**Cal delas defendía Pi y Margall?**

**Que camiño propuña para construír o novo sistema político republicano?**

**Era o mesmo que defendían os intransixentes?**





UNITARIA

FEDERAL

CONSTITUYENTES

INTRANSIGENTE

Á noticia da proclamación da República (...) puxéronse en febril movemento cantos consideraran as nosas promesas como os faros das súas portas de salvación. Os obreiros (...) pensaron que a República federal lles traía (...) traballo (...), e que ningunha tarde máis verían afundirse o sol sen teren para os seus fillos o pan que tantas veces pediron (...). Os xornaleiros, esperaban cobrar, xa que non o produto íntegro do seu traballo, que sería o xusto, polo menos un xornal que lles abondase para satisfaceren as primeiras necesidades (...).

Pero pasan semanas e pasan meses (...) e as clases obreiras len un manifesto asinado por moitos notables do partido (...) en que vai envolta a ameaza de sempre: "orde", isto é, "sufre e cala ou metrálote"; (...) e obreiros, labradores (...) todos perden a fe e a esperanza e entréganse á máis cruel desesperación.

*Discurso dun deputado federal nas Cortes, 1873*  
(Tradución e adaptación).

Como foi recibida a república polas clases populares?

Cales eran as súas aspiracións?

Ata que punto a nova república podía satisfacerlas?




De acordo co compromiso establecido, convocáronse eleccións a Cortes constituíntes para o mes de maio, que foron amplamente gañadas polos republicanos federais. Así e todo, o resultado era enganoso, xa que máis do 60% do electorado se abstivo.

Por que se convocaron eleccións en 1873?

Cales foron os resultados electorais?

Fíxate na abstención: cres que reflectía realmente a posición maioritaria do electorado?





# 5.- A Primeira República

- 5.1.- O proxecto constitucional federal de 1873
- 5.2.- As guerras e o cantonalismo
- 5.3.- A liquidación da República

# 5.1.- O proxecto constitucional federal de 1873 (1)

- As novas Cortes abríronse o 1 de xuño
  - Formouse un novo goberno presidido por **Pi y Margall**
  - O seu lema era “orde e progreso”
- A súa actuación centrouse en
  - Pacificar as insurreccións que se espallaron pola península
  - Elaborar un **novο proxecto de Constitución**
- Inspirábase na de 1869 no referente a garantías, dereitos e liberdades, a que facía referencia
- Establecía
  - A **soberanía popular con sufraxio universal masculino**
  - Unhas Cortes bicamerais cun Congreso e Senado
  - O Senado, sen iniciativa legislativa, como cámara de representación territorial que había de velar para que as leis non transgredisen ningún precepto da federación
- Declaraba
  - A liberdade de culto
  - A **separación de Igrexa e Estado**
- Prohibía a subvención a calquera relixión



# 5.1.- O proxecto constitucional federal de 1873 (2)

- **O cambio máis radical foi na estrutura do Estado**
  - Definía a **República federal**
  - Establecía que a nación española se compuña de 17 Estados, entre elas Cuba e Porto Rico
  - Organizaba o poder a nivel de
    - Os municipios,
    - Os estados rexionais
    - O Estado federal
  - Cada un dos **estados rexionais**
    - Tería a súa propia constitución
    - Regulaba os poderes: executivo, lexislativo, xudicial
    - Tiña ampla autonomía económico-administrativa e política
  - **Rompía, xa que logo, co modelo centralista tradicional**
  - Definía un novo sistema democrático
- No entanto, **a Constitución non se chegou a aprobar**



A nación española, reunida en Cortes Constituíntes, desexando asegurar a liberdade, cumprir a xustiza e realizar a fin humana a que está chamada na civilización, sanciona o seguinte Código fundamental: toda persoa encontra asegurados na República, sen que ningún poder teña facultades para cohibilos, nin lei nin unha autoridade para mingualos, todos os dereitos naturais. (...)

**Art. 1.** Compoñen a nación española os Estados de Andalucía Alta, Andalucía Baixa, Aragón, Asturias, Baleares, Canarias, Castela a Nova, Castela a Vella, Cataluña, Cuba, Extremadura, Galicia, Murcia, Navarra, Porto Rico, Valencia e Rexións Vascongadas.

**Art. 39.** A forma de goberno da nación española é a República Federal.

**Art. 40.** Na organización política da Nación española, todo o individual é da pura competencia do individuo, todo o municipal é do municipio, todo o rexional é do Estado e todo o nacional é da Federación.

**Art. 45.** O poder da Federación divídese en poder lexislativo, poder executivo, poder xudicial e poder de relación entre estes poderes. (...)

**Art. 49.** O poder de relación será exercido polo presidente da república. (...)

1. Como organiza o poder do Estado a nova Constitución federal?

Art. 42. A soberanía reside en todos os cidadáns, e exerceuse en representación súa polos organismos políticos da República constituída por medio do sufraxio universal.

Art. 43. Estes organismos son: o Municipio, o Estado rexional, o Estado federal ou Nación (...).

## 5.2.- As guerras e o cantonalismo (1)

- A proclamación da República acelerara e animara o **conflicto carlista**
  - Pasou do enfrontamento cunhas cantas partidas armadas a unha verdadeira fronte aberta
  - Cun auténtico exército
  - Co dominio de diversos territorios tradicionalmente carlistas
  - No mes de xullo estendeuse por gran parte de Cataluña
  - Consolidouse nas provincias vascas e no Maestrazgo
  - Dende onde se fixeron incursións cara a Teruel e Cuenca
- A **guerra en Cuba**, iniciada en 1868, continuaba a espallarse
  - A República non foi quen de freala
  - As autoridades e funcionarios españois na illa eran en gran parte proclives á solución monárquica
  - Actuaron bastante á marxe do poder republicano
  - Aínda así, os gobernos intentaron darlle unha solución ao problema co proxecto federal do Estado,
  - Que consideraba Cuba e Porto Rico como uns territorios máis da federación española





▼  
Os republicanos intentan chegar a un acordo cos rebeldes cubanos, mentres militares, facendados e carlistas intentan impedilo. *La Flaca*, 1873.

# 5.2.- As guerras e o cantonalismo (2)

- **A sublevación cantonal foi o conflito máis grave**
  - Foi o que provocou a maior situación de crise para o goberno
  - O cantonalismo era un fenómeno complexo no que se mesturaban
    - As aspiracións autonomistas propiciadas polos federais intransixentes
    - Coas aspiracións de revolución social inspiradas nas novas ideas internacionalistas
  - A proclamación de cantóns independentes, cos seus gobernos autónomos e a súa propia lexislación
    - Foi a consecuencia de aplicar de maneira radical e directa a estrutura federal desde abaixo
    - Impulsada, asemade, polo desexo de avanzar nas reformas sociais e satisfacer as aspiracións populares
- O 12 de xullo de 1873 proclámase o **cantón de Cartaxena**
  - Constituíase en Estado independente
  - Proclamaba a república federal en España, que se impulsaba, deste xeito, dende abaixo
  - A partir de aquí, o movemento estendeuse a outras poboacións
  - Proclamáronse cantóns en Sevilla, Cádiz, Granada, Málaga, Bailén, Andújar...
- Cada cantón
  - Dotábase da súa propia estrutura de poder
  - Emprendía as ansiadas reformas sociais
- Nesta revolta social confluían
  - Os intransixentes
  - Os internacionalistas
  - Os sectores populares



Proclamada como forma de goberno para España a república federal, o pobo republicano na súa inmensa maioría reclamaba (...) que se organizase a Federación, establecendo inmediatamente a división rexional dos cantóns e dándolles a estes e ao municipio a autonomía desexada hai tanto tempo, proclamando a ilegalidade de todos os dereitos inherentes á personalidade humana (...). Púxose en armas porque creu ver en inminente risco a santa causa da República Federal...

*Proclama da Xunta, 12 de xullo de 1873.*

---

1.º (establécese) a instrución gratuíta, obrigatoria, elemental (...).

4.º Queda terminantemente prohibida (...) a ensinanza (...) de dogmas, nin relixión positiva, debendo para a moral, atermose aos principios da ciencia e dos deberes sociais.

*Decreto sobre Instrución, 1 de outubro de 1873  
(tradución e adaptación).*

**2.** Que reclama a Xunta de Cartaxena? Que medidas tomou en relación coa ensinanza?

# O CANTONALISMO (1873-1874)







Revolta cantonal en La Viña (Cádiz), 1873.


## 5.2.- As guerras e o cantonalismo (3)

- A eclosión do cantonalismo procedía, en definitiva, da decepción por
  - O escaso desenvolvemento da República
  - O seu limitado alcance social
- O presidente **Pi y Margall**
  - Opúxose a sufocar a revolta polas armas
  - Dimitiu
- Foi substituído por **Nicolás Salmerón**
  - Iniciou unha acción militar contra o movemento cantonalista
  - Foi rapidamente sufocado, coa excepción de Cartaxena, onde durou ata xaneiro de 1874
  - Con iso, o exército e xefes como Pavía e Martínez Campos situábanse como bastións da orde
  - Mais Salmerón dimitiu en setembro ao negarse a asinar dúas penas de morte a cantonalistas impostas pola autoridade militar
- Sucedeuno **Emilio Castelar**, republicano unitario de carácter conservador
  - Conseguiu plenos poderes das Cortes, que non tardou en pechar
  - Gobernou por decreto
  - Isto permitiulle restablecer a autoridade e reorganizar o exército fronte aos carlistas
  - Pero enfrontouse aos federais
  - Ao reabrirse as Cortes o 2 de xaneiro de 1874 retiráronlle a confianza por 120 votos contra 100



# Conflitos durante a Primeira República





Caricatura titulada Escenas de Familia, da revista satírica La Flaca en 1873. Nicolás Salmerón aparece meditando mentres España lle di que a Nena (a República) está a se descontrolar, malia a rifa de Emilio Castelar.



# 5.3.- A liquidación da República

- A derrota de Castelar abríalle a porta a un novo goberno federal
- Esta posibilidade precipitou o **golpe de Estado do xeneral Pavía**
  - Irrompeu nas Cortes o 3 de xaneiro con forzas da Garda Civil
  - Impúxose sen atopar resistencia política nin popular
  - Isto reflectía a debilidade da República, excesiva para uns e morna para outros
- O poder pasou a unha **coalición de unionistas e progresistas, encabezada polo xeneral Serrano**
  - **Impuxo un réxime autoritario**
  - Disolveu as Cortes
  - Suspendeu as garantías constitucionais
  - Aplicou a censura de prensa
  - Ilegalizou os federais
  - Disolveu a Internacional
  - Suspendeu concellos e deputacións
- Enfrontado aos republicanos
  - Pretendía incorporar os sectores conservadores
  - Mais a maioría dos monárquicos, os afonsinos, optara polo retorno dos Borbón
- O 29 de decembro de 1874 o **xeneral Martínez Campos** encabezaba un **pronunciamento en Sagunto**
  - **Proclamaba rei de España a Afonso XIII, fillo de Isabel II**
  - **Era o inicio da Restauración**

**DOC.4** O golpe de Pavía segundo *La Madeja Política*, 1874.

3. Como presenta a imaxe o golpe de Pavía? En que consistiu? Cales eran os seus obxectivos?





DOC.2

## OS PRESIDENTES DA PRIMEIRA REPÚBLICA



Golpe  
de Pavía  
(xaneiro 1874)



República  
autoritaria  
de Serrano



Golpe de Martínez  
Campos  
(decembro 1874)



Restauración  
da  
monarquía

COMO SE COMENTA... UNHA IMAXE

Figueras coa bandeira da República federal e o galo que simboliza a República.

Pi e Margall, 11 de xuño de 1873: a República pirotécnica.

Salmerón, 18 de xullo de 1873: a República filosófica.

Inicio da revolución de setembro de 1868: o xeneral Prim (esquerda), o brigadier Topete enarbora a bandeira co tema "Viva España con honra", e o xeneral Serrano (dereita).

Castelar, 8 de setembro de 1873: a República *por lo fino*: cara ao principio final.

A batalla de Alcolea do 28 de setembro de 1868.

O xeneral Pavía irrumpe nas Cortes.

A peseta, unha das primeiras creacións do goberno.

Os deputados abandonan o Congreso.

O goberno provisional.


Serrano, rexente do reino.

Constitución de 1869: a monarquía como forma de Estado.

Amadeo I de Savoia. As novas pesetas incorporaron a súa efixie.

Sagasta, foxe con sixilo.

Martínez Campos prepara o golpe de Sagunto para restaurar a monarquía borbónica.



De Alcolea a Sagunto pasando por varios puntos, caricatura da revista satírica *La madeja política*, 1874.



# Por que fracasou a experiencia democrática do Sexenio?

## POLÍTICOS

- Falta de consenso político para apoiar primeiro a monarquía democrática e despois a república federal.
- Ineficacia e inexperiencia dos novos líderes políticos.
- Divisións e enfrontamentos dentro do republicanismo e da coalición monárquico-progresista.
- Oposición monárquico-conservadora que optaba polo retorno da monarquía borbónica.

# Por que fracasou a experiencia democrática do Sexenio?

## Problemas

## SOCIAIS

- Falta de cultura democrática da sociedade española.
- Abstencionismo das clases medias.
- Frustración das elevadas aspiracións de reformas sociais que as clases populares puxeran na República.
- Difusión das ideas da Primeira Internacional entre o obreirismo. Aspiracións de revolución social.
- Aumento da conflictividade social e obreira.